



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases a convocatoria pública por parte do Concello de Frades para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos do ensino para o curso académico 2026-2027.

A Consellería de Educación conta con axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar (1º e 2º de educación primaria) e cun fondo de libros (3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria) que cobren as necesidades da educación obrigatoria.

Aínda que o segundo grao de educación infantil, o bacharelato, a formación profesional e os estudos universitarios non son ensinanza obrigatorias, o Concello de Frades convoca axudas para estas etapas, para que as familias en situación de dificultades económicas teñan acceso á formación en igualdade de condicións. Con esta medida o Concello de Frades pretende que se escolaricen todos os alumnos e alumnas e poidan así desenvolver todo o seu potencial, con independencia da súa capacidade económica.

Estas axudas configúranse tanto como unha axuda de carácter económico, como de apoio personalizado para favorecer a incorporación e inserción social das persoas en risco de exclusión, para fomentar e facilitar as súas posibilidades en materia de formación.

2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Para poder beneficiarse destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

➤ **Axudas para material escolar:**

- Estar empadroadado e ter residencia efectiva no Concello de Frades cunha antigüidade mínima dun ano.
- Cursar estudos de segundo grao de educación infantil (3-5 anos)
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Frades
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Frades no exercicio anterior, salvo que tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

➤ **Axudas para o transporte:**

- Estar empadroadado e ter residencia efectiva no Concello de Frades cunha antigüidade mínima dun ano
- Cursar estudos de bacharelato ou formación profesional (grao medio) durante a totalidade do curso lectivo.
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Frades
- Non ter dereito a ser beneficiario/a do transporte bonificado mediante tarxeta metropolitana ou tarxeta Xente Nova e non dispoñer de transporte escolar gratuíto. A **Tarxeta Xente Nova**, é a tarxeta de transporte dependente da Xunta de Galicia, que permite realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas ás persoas de entre 4 e 20 anos de idade.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Frades no exercicio anterior, salvo que tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

➤ **Axudas para gastos de matrícula, aloxamento ou transporte:**

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Frades cunha antigüidade mínima dun ano
- Cursar estudos universitarios de grao ou master (non doutoramento) ou ciclos formativos de grao superior no curso 2026-2027.
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Frades
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Frades no exercicio anterior, salvo que tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

3. CONTÍA DAS AXUDAS.

A contía das axudas por alumno/a e curso será de 70 euros nas axudas para material escolar (segundo grao de educación infantil), de 200 euros nas axudas para o transporte escolar (bacharelato ou formación profesional grao medio) e de 400 euros nas axudas para gastos de matrícula, aloxamento ou transporte (formación profesional de grao superior ou estudos universitarios de grao ou master)

No caso de que unha vez efectuada a avaliación, o número de axudas supere o límite máximo do crédito dedicado á subvención, resolverase a favor das solicitudes cuxos ingresos familiares sexan menores.

4. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

Para as axudas incluídas na presente convocatoria, reservárase crédito na partida orzamentaria 231.48000 do Concello de Frades, por un importe de 5.000 euros.

5. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse no impreso que se inclúe como anexo I e se fora o caso o anexo II. Achegarase a seguinte documentación:

- Copia dos DNI de todos o membros da unidade familiar.
- Copia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Resgado da matrícula do centro no que está a cursar o presente curso académico.
- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2025 dos pais ou titores legais. No caso de non presentar a declaración do IRPF, declaración xurada segundo Anexo II
- En caso de persoas desempregadas, certificado actualizado do Servizo Público de Emprego, no que se acredite a situación de desemprego e faga constar se percibe ou non subsidio e a súa contía se así fora.
- No caso de percibir algunha prestación (xubilación, incapacidade...), certificado da Seguridade Social ou organismo competente, no que se indique a cantidade percibida.
- Certificado do número de conta bancaria na que será titular o beneficiario no caso de ser maior de idade ou o representante legal no resto das solicitudes.
- Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).
- Certificación acreditativa da situación de familia monoparental (se procede).

6. PRAZO.

O procedemento para a concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva ⁽¹⁾. Mediante convocatoria pública iníciase sempre de oficio de acordo co

¹ Tal e co establecido no artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

establecido no artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo á convocatoria aprobada polo órgano competente que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas.

Presentación das solicitudes:

Lugar: As solicitudes presentaranse xunto coa documentación correspondente, no Rexistro Xeral do Concello de Frades, no rexistro da sede electrónica ou por calquera outro medio dos previstos do artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación das presentes bases na Base de Datos Nacional de Subvencións e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido de que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámites, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Á vista das solicitudes presentadas estudaranse pola comisión avaliadora, e concederanse a tódolos solicitantes co límite na dispoñibilidade orzamentaria, que cumpran os requisitos.

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal correspondente e a situación socio familiar determinada polo traballador social.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- O/a solicitante, no caso de ser maior de idade, os pais ou titor ou persoa encargado da garda e protección do menor.
- Os irmáns menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os irmáns maiores de idade con discapacidade suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os irmáns solteiros, menores de 25 anos que convivan habitualmente no domicilio familiar sempre que non tiveran un contrato de traballo ou perciban recursos.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda. En cambio si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa coa que conviva o pai/nai do solicitante, se fora o caso. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial ou convenio regulado onde conste a custodia do menor.
- Consideraranse familias monoparentais as formadas por un único proxenitor con fillos ao seu cargo. No caso das parellas de feito, separadas ou cando ambos proxenitores consten no libro de familia ou documentos que legalmente o substitúa deben aportar documento do xulgado que outorgue a custodia ou tutela dos fillos a un dos proxenitores para ser considerados familia monoparental.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Para calcular a renda per cápita familiar sumarase a base imponible xeral e a base imponible do aforro e deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación. O resultado obtido dividirase polo número de membros computables que forman parte da unidade familiar.

No caso de familias monoparentais, para o cálculo da renda per cápita incrementarase nun 0,8 o número real de membros da unidade familiar.

acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Se algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ó 33 %, incrementarase en 1 o número de membros da unidade familiar.

O límite de recursos económicos establécese segundo o IPREM anual vixente no 2026 (600€ mensual e 7200€ anual para doce pagas).

8. LIMITES DA RENDA ANUAL FAMILIAR:

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
1 membro	10800€ (1,5 x IPREM)
2 membros	17280€ (2,4 x IPREM)
3 membros	21600€ (3,0 x IPREM)
4 membros	25200€ (3,5 x IPREM)
5 membros	28080€ (3,9 x IPREM)
6 membros	31680€ (4,2 x IPREM)
A partir do sexto membro, engadiranse 1440€ (0,2 x IPREM) por cada novo membro computable	

Os/as solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terá dereito á axuda.

9. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.

Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe do traballador social con proposta de beneficiarios, e fiscalizado pola intervención, adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as solicitudes denegadas e o seu motivo.

10. DEREITOS E OBRIGAS.

Os beneficiarios destas axudas teñen dereito a:

- Ser tratados co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- Acceder á axuda en condicións de igualdade e non discriminación.
- O tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Os beneficiarios destas axudas están obrigados a:

- Estar empadroados no Concello de Frades. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello.
- Asistir ás clases con regularidade durante todo o curso académico.
- Destinar a axuda ó fin para o que lle foi concedida.
- Permitir e facilitar a labor do traballador social para verificar a súa situación familiar e económica.
- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderá dar lugar á suspensión do pagamento da axuda ou ó seu reintegro.

11. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.

Unha vez concedida a axuda, procederase á súa notificación a todos os solicitantes nun prazo máximo de un mes dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes. No caso de non ser notificada a resolución dentro de dito período, a petición considerarase desestimada.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

12. PRAZO DE PAGAMENTO.

O pago da axuda realizarase na conta corrente a nome do becario/a (se fora menor de idade, da persoa representante).



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

O prazo de pagamento será dun mes dende a súa concesión por acordo da Xunta de Goberno Local.

13. XUSTIFICACIÓN.

O prazo para presentar a documentación xustificativa rematará o 30 de maio de 2027.

Os beneficiarios/as ou os seus representantes legais estarán obrigados a presentar a seguinte documentación xustificativa:

Para axudas de material escolar:

- a) Anexo III
- b) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

Para axudas do transporte escolar:

- a) Anexo III
- b) Billetes ou bonos do medio de transporte público utilizado no que consten, de forma lexible, a data do billete ou bono, o recorrido e o importe do viaxe ou factura da empresa de transporte utilizado. O recorrido se referirá ao transporte dende Frades ata o lugar no que se realice o curso, calquera variación na ruta seguida deberá explicarse na xustificación (Anexo III). Non se admitirán billetes ou bonos correspondentes ao transporte urbano do lugar no que se realicen os estudos. Non se admitirán billetes ou bonos deteriorados, ilexibles ou nos que non conste a data de emisión.
- c) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados polo transporte ata o seu centro de estudo por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.
- d) No caso de desprazarse por medios propios, declaración xurada segundo Anexo IV, na que inclúe o número da matrícula do vehículo a utilizar; e acompañada de facturas/ticket de combustible, que acredite consumos do vehículo utilizado nos seus desprazamentos, e que consten como pagadas, no período do curso escolar.

Para axudas para gastos de matrícula, aloxamento ou transporte:

- a) Anexo III.
- b) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola matrícula, aloxamento ou transporte, por contía igual ou superior á outorgada. Ademais deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.
- c) No caso de desprazarse por medios propios, declaración xurada segundo Anexo IV.

A documentación será revisada polo traballador social, que emitirá un informe dando a conformidade, ou declarando que a documentación xustificativa está incompleta. Neste casos concederase un prazo de dez días para a súa subsanación, e transcorrido este prazo sen proceder á subsanación procederase á incoación por decreto da Alcaldía do expediente de reintegro de subvencións.

O informe do traballador social elevarase á intervención municipal que fiscalizará o expediente unicamente comprobando os seguintes extremos (fiscalización previa limitada aprobada nas BEO 2017):

- a) Órgano competente
- b) Crédito orzamentario adecuado e suficiente
- c) Que consta o informe do traballador social, no que se indique detallada e motivadamente que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade, e que os beneficiarios se atopan ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social. O ámbito da fiscalización limitada na comprobación deste extremo poderase ampliar mediante o exame detallado da documentación xustificativa da mesma cando, a xuízo da



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

intervención municipal, a contía da subvención ou outras circunstancias concorrentes así o xustificuen.

- d) Que a xustificación se produza dentro de prazo
- e) En caso de realizarse pagos a conta ou pagos anticipados, que os mesmos estean previstos na normativa reguladora da subvención
- f) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que os beneficiarios non son debedores por resolución de procedencia de reintegro.

14. REINTEGRO.

Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- A non xustificación da subvención segundo o disposto no artigo 12 desta ordenanza.
- Demais supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas ou a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da axuda, nos seguintes supostos:

- Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.
- Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Frades
- Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

15. COMPATIBILIDADE

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións.

16. NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas **Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Frades**, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

Disposición final.

Estas bases entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Contra estas bases poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As presentes bases constan de 16 artigos e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Xunta de Goberno en sesión celebrada.....

ANEXO I.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O ENSINO. CURSO 20__ -20__

EDUCACIÓN INFANTIL	BACHARELATO FP GRAO MEDIO	FP GRAO SUPERIOR/UNIVERSIDADE
--------------------	------------------------------	----------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE (alumno/a)

NOME	
APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CENTRO DE ENSINO	

DATOS DO/A NAI, PAI OU TITOR/A

NOME	
APELIDOS	
DNI	
TELÉFONO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade de convivencia
- Fotocopia do libro de familia da unidade familiar
- Resgardo da matrícula do presente curso escolar
- Xustificantes dos ingresos da unidade familiar no ano 20__
- Outros:

● DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

- Son certos e completos os datos e documentación aportados para esta solicitude.
- Obtiven outras axudas para o mesmo fin que ascenden a.....
- Non estou incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- No caso de Transporte escolar (FP grao medio), o alumno/a non ten dereito á TARXETA XENTE NOVA
- Dou o meu consentimento para que a Administración comprobe os datos referidos a identidade, domicilio, convivencia, información tributaria e afiliación á Seguridade Social.

Frades, ____ de _____ de 20____
(sinatura)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FRADES (A Coruña)

ANEXO II.

DECLARACION XURADA IRPF

D./ D^a _____ con DNI / NIE / Pasaporte nº _____, solicitante/ representante legal de **axuda para o ensino**, curso 20____ -20____ con residencia en _____ Frades (A Coruña)

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que no último exercicio fiscal na miña unidade familiar non presentamos declaración de IRPF.

E para que conste asino a presente declaración en Frades, a _____ de _____ de 20____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FRADES (A Coruña)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ANEXO III.

XUSTIFICACIÓN AXUDAS ENSINO CURSO 20__/20__

	EDUCACIÓN INFANTIL		BACHARELATO FP GRAO MEDIO		FP GRAO SUPERIOR/UNIVERSIDADE
--	--------------------	--	------------------------------	--	----------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE (alumno/a)

NOME	
APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CENTRO DE ENSINO	

DATOS DO/A NAI, PAI, TITOR/A

NOME	
APELIDOS	
DNI	
TELÉFONO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados
- Xustificantes de pagamento das facturas presentadas
- Outros:

● DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

- Son certos e completos os datos e documentación aportados para esta solicitude.
- Obtiven outras axudas para o mesmo fin que ascenden a.....
- Non estou incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Dou o meu consentimento para que a Administración comprobe os datos referidos a identidade, domicilio, convivencia, información tributaria e afiliación á Seguridade Social.

Frades, ____ de _____ de 20____
(sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FRADES (A Coruña)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ANEXO IV.

DECLARACIÓN XURADA USO VEHÍCULO PARTICULAR

D./Dña. _____, con DNI _____, solicitante, nai, pai, titor/a da axuda, declara baixo xuramento que se despraza por medios propios ó centro _____, no que figura matriculado durante o curso 2026-2027.

O vehículo particular utilizada ten o seguinte número de praca de matrícula _____, sendo titular do mesmo _____

Frades, ____ de _____ de 20____.

(sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FRADES (A Coruña)

DILIXENCIA: Que estendo eu, a secretaria para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordó da Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2026
A secretaria, asinado dixitalmente,
M^a Lourdes Castro Pena